



Folla de sala / Galego

## DEPÓSITOS do MUSEO NACIONAL do PRADO e do MUSEO NACIONAL CENTRO de ARTE RAÍÑA SOFÍA

Os depósitos efectuados polo Museo do Prado e o Museo Raíña Sofía son distribuídos polas salas 4, 5, 6, 21, 22 e 23.

Ao falar de depósito temporal estamos referíndonos a un préstamo, a longo prazo, que en ningún caso implica propiedade por parte da entidade depositaria.

Estas obras chegan ao Museo de Lugo, entre os anos 30 e os 40 do pasado século, dentro dunha política de depósitos que dará lugar á disgregación dun gran número de obras de arte estatais por toda a xeografía española.

O depósito actual do Museo do Prado está constituído polas obras procedentes do Museo Real, que se inaugura en 1819 e máis tarde se transforma en Museo Nacional. A partir dese momento as súas coleccións aumentarán coa chegada de doazóns, adquisicións e legados ademais das obras do desaparecido Museo da Trindade e as procedentes do antigo Museo de Arte Moderna, institución que se funda en Madrid, no ano 1894, cos fondos do século XIX procedentes do Museo Nacional de Pintura e Escultura e que desaparece en 1971 sendo as súas coleccións repartidas entre o Museo do Prado e o Museo de Arte Contemporánea. Esta institución é creada en 1952 e as súas coleccións serán incorporadas ao Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, no ano 1992.

O 17 de marzo de 1995, un Real decreto reformula o reparto das coleccións estatais, o que dará lugar a que todas as obras dos pintores nados antes de 1881 quedasen incorporadas ao Museo do Prado e as dos nados con posterioridade ao Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, coa excepción duns casos illados que afectan aos depósitos do Museo Provincial de Lugo.

O depósito actual do Museo do Prado está constituído por vinte e sete pinturas de diferentes épocas, desde os séculos XVI ao XIX, entre as que destacan dúas obras de *Luca Giordano*, obras de *José Risueño*, *José* e *Federico de Madrazo* e dúas esculturas do século XIX de *Enrique Marín* e *Jacinto Higuera*.

O depósito do **Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía** está constituído por once pinturas entre as que destacan varias obras premiadas nas Exposicións nacionais de Belas Artes como son: *A escola de Doloriñas*, de **Julia Minguiñón**, galardoada cun primeiro premio en 1941; *Ao mercado*, de **Cruz Herrera** e *O claustro*, de **Fernández Balbuena**, galardoadas ambas as dúas con medallas de segunda clase en 1924 e 1926 respectivamente, ademais de obras doutros artistas como *Esteban Domenech*, *Hidalgo de Caviedes* ou *González de la Peña*, entre outros.

A estas obras hai que sumarlles cinco esculturas entre as que hai unha de *Francisco Asorey*, galardoada cunha medalla de primeira clase na Exposición Nacional de Belas Artes, de 1926, ademais doutras obras de *Torre Ysunza*, *José Fioravanti*, *Otero Camps* e *Veloso Molina*.



Hoja de sala / Castellano

## DEPÓSITOS del MUSEO NACIONAL del PRADO y del MUSEO NACIONAL CENTRO de ARTE REINA SOFÍA

Los depósitos efectuados por el Museo del Prado y el Museo Reina Sofía se distribuyen por las salas **4, 5, 6, 21, 22 y 23**.

Al hablar de depósito temporal nos estamos refiriendo a un préstamo, a largo plazo, que en ningún caso implica propiedad por parte de la entidad depositaria.

Estas obras llegan al Museo de Lugo, entre los años 30 y los 40 del pasado siglo, dentro de una política de depósitos que dará lugar a la disgregación de un gran número de obras de arte estatales por toda la geografía española.

El depósito actual del **Museo del Prado** está constituido por las obras procedentes del Museo Real, que se inaugura en 1819 y más tarde se transforma en Museo Nacional. A partir de ese momento sus colecciones aumentarán con la llegada de donaciones, adquisiciones y legados además de las obras del desaparecido Museo de la Trinidad y las procedentes del antiguo *Museo de Arte Moderno*, institución que se funda en Madrid, en el año 1894, con los fondos del siglo XIX procedentes del *Museo Nacional de Pintura y Escultura* y que desaparece en 1971 siendo sus colecciones repartidas entre el **Museo del Prado** y el *Museo de Arte Contemporáneo*. Esta institución es creada en 1952 y sus colecciones serán incorporadas al **Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía**, en el año 1992.

El 17 de marzo de 1995, un Real Decreto replantea el reparto de las colecciones estatales, lo que dará lugar a que todas las obras de los pintores nacidos antes de 1881 quedasen incorporadas al **Museo del Prado** y las de los nacidos con posterioridad al **Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía**, con la excepción de unos casos aislados que afectan a los depósitos del Museo Provincial de Lugo.

El depósito actual del **Museo del Prado** está constituido por veintisiete pinturas de diferentes épocas, desde los siglos XVI al XIX, entre las que destacan dos obras de *Luca Giordano*, obras de *José Risueño*, *José* y *Federico de Madrazo* y dos esculturas del siglo XIX de *Enrique Marín* y *Jacinto Higuera*.

El depósito de **Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía** está constituido por once pinturas entre las que destacan varias obras premiadas en las Exposiciones Nacionales de Bellas Artes como son: *La escuela de Doloriñas*, de **Julia Minguillón**, galardonada con un primer premio en 1941; *Al mercado* de **Cruz Herrera** y *El claustro*, de **Fernández Balbuena**, galardonadas ambas con medallas de segunda clase en 1924 y 1926 respectivamente, además de obras de otros artistas como **Esteban Domenech**, **Hidalgo de Caviedes** o **González de la Peña**, entre otros.

A estas obras hay que sumarles cinco esculturas entre las que hay una de **Francisco Asorey**, galardonada con una medalla de primera clase en la Exposición Nacional de Bellas Artes, de 1926, además de otras obras de **Torre Ysunza**, **José Fioravanti**, **Otero Camps** y **Veloso Molina**.